

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2023

Camiñando con Ramón Sanfiz, coñecemos a Francisco Fernández del Riego



Guía didáctica

XUNTA
DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Secretaría Xeral de Política Lingüística

IES Castelao, Vigo (Pontevedra)

Imprime: Xoán Carlos Portos

Santiago de Compostela, 2023

Depósito legal: C 569-2023

Coordinación:

Ramón Nicolás Rodríguez

Textos dos carteis:

Ramón Nicolás Rodríguez

Coordinación técnica e proposta didáctica:

Cándido Paniagua Pousa

Redacción e proposta didáctica:

Ramón Nicolás Rodríguez

Agustín Nieto Pazó

Cándido Paniagua Pousa

Imaxes:

Chus Ferrín Iglesias

Alumnado 4º da ESO. IES Castelao:

Selene Abalde Calvo, Marta Benavides Viñas, Lucía Blanco Sánchez, Fabián Carrera Soutullo, Ana Victoria Coello Duarte, Sofía Gallego Alonso, Leire García Navia, Clara González Herrera, Carlota Rodríguez Baamonde, Xhomara Álvarez Lago, Antía Álvarez Pillado, Yaiza de Prado Souto, Natalia Guerreiro D'Araujo Conde, Alba Lucía Martínez Márquez, Breixo Merino Gómez, Lydia Almeida Rodríguez, Marcela Barrios Díaz, Meu Tu Falagán Mota, Pablo Gómez Martín, Noemí Pijuan Cabral, Claudia Vázquez Insua, Yaiza da Cunha da Silva, Ángel Escobar Ares e Jazmín Esteban Urena.

Maquetaxe:

Daniel Iglesias Pouso

Carme Nogueira Alonso

Índice

❖ **Camiñando con Ramón Sanfiz, coñecemos a Francisco Fernández del Riego**

• Presentación	páx. 2
• Biografía	páx. 3
• O berce de Del Riego	páx. 5
• Os anos de formación	páx. 9
• Os difíciles anos da guerra	páx. 11
• Vigo. Un lugar aquelado	páx. 13
• A relación co exilio e o motor de Galaxia	páx. 15
• O seu incansable labor na Real Academia Galega	páx. 17
• A Fundación Penzol e máis...	páx. 20
• Os derradeiros anos	páx. 22
• A obra de don Paco	páx. 26
• #DixeronDel	páx. 28
• Bonus: Paseando polo Vigo de don Paco	páx. 29

Presentación

Logo da designación de Francisco Fernández del Riego como homenaxeado do Día das Letras Galegas 2023, o equipo do IES Castelao botou a andar o presente proxecto. A elección deste “guerreiro galeguista” reflicte a importancia de lle dar a coñecer á mocidade figuras senlleiras que loitaron por dignificar o valor da cultura e da lingua galegas.

O traballo (carteis e unidade didáctica) amosa a vida, a obra, a traxectoria e o legado que o autor de Vilanova de Lourenzá realizou. Ten, polo tanto, como obxectivo primordial facer xermolar a curiosidade e a investigación do alumnado nesta apaixonante viaxe. Contribuímos con actividades e recursos dinámicos, visuais e próximos á mocidade, adaptados a todo tipo de necesidades.

Intentamos en todo momento ser fieis á filosofía do noso autor e por iso os carteis representan o seu legado a Galicia nese camiño que percorremos xuntos. A tipografía dos carteis é unha chiscadela á máquina de escribir que empregaba Del Riego. A unidade didáctica representa ese saber universal e interdisciplinario que o de Lourenzá profesaba. Foi un traballo difícil de conxugar e de facer atractivo para a mocidade.

Esperamos que sexa para o gozo e aproveitamento de quen reciba este material. Para nós foi un orgullo e un privilexio ilusionarnos e darlle forma a través da figura de don Paco.



Biografía

Francisco Fernández del Riego veu ao mundo o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá. Primoxénito dunha extensa familia —tivo seis irmáns e catro irmás—, formárase na súa vila natal ata que se examina en Lugo do bacharelato elemental para despois estudar no Colexio dos Escolapios en Monforte de 1926 a 1930. É entón cando aproba a reválida e ingresa na universidade con excelentes cualificacións. Son anos nos que se disciplina na lectura e nos estudos, ademais de participar, como un máis, nos xogos e divertimentos propios da mocidade da súa época.

En 1930 matricúlase en Madrid na Facultade de Dereito. A cidade ofreceralle moitas posibilidades de formación e exploración persoal, alén das académicas. Comprométese coas loitas estudiantís da época afiliándose á Federación Universitaria Escolar (FUE) e vive de primeira man a instauración da República. Acaba o curso con boas cualificacións e retorna a Vilanova. O 25 de xullo de 1931 pronuncia o primeiro mitin galeguista en Lourenzá.

Con tantos irmáns e irmás estudando fóra de Vilanova, os seus pais deciden trasladar a casa a Santiago para que todos os seus fillos e fillas gocen da posibilidade de estudar alí. Francisco matricúlase na Facultade de Dereito para continuar os estudos e ditará en 1933, en nome do alumnado, un discurso de inauguración do curso escolar no que reclama a galeguización do ensino universitario. Nestes anos incorpórase á loita galeguista con inequívoca convicción. Colabora nas actividades do Seminario de Estudos Galegos e na asociación xuvenil *Ultreya*, milita no Partido Galeguista e nas Mocidades Galeguistas, participa en mitins políticos, frecuenta o local da editorial *Nós*, dirixida por Ánxel Casal, comeza a publicar en diversos medios como nas revistas *Nós*, *Ser* ou *Alento* e dirixe *A Nosa Terra* e *Universitarios*. Tamén forma parte da comisión de propaganda do Estatuto de autonomía. En 1934, ingresa como profesor axudante de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela.

Tras o levantamento militar, sanciónano e inhabilitano para exercer a docencia e agóchase en dúas casas ata que decide presentarse no cuartel militar do Hórreo como única solución para salvar a vida; alí é recrutado como soldado no exército franquista. Tras un longo periplo por diversos territorios de España durante os tres amargos anos da guerra, retorna a Compostela, pero, en canto abandona o uniforme militar, sabe que este xa non o vai amparar e séntese aínda perseguido. Daquela, decide establecerse na cidade de Vigo. Marchou con moi poucos cartos e moitas preocupacións, pero coa maior das esperanzas.

Acollido no despacho de Valentín Paz Andrade, empeza a encargarse da revista *Industrias Pesqueras* e, para paliar os seus apertos económicos, dá clases nos colexios Labor e Mezquita e colabora noutras revistas e xornais, sempre asinando con pseudónimos ou ignorando o seu segundo apelido para evitar problemas.

En 1940 casa con Evelina Hervello, a quen xa coñecera nos seus anos universitarios en Compostela. Pouco a pouco vai mellorando a súa situación económica e aluga unha casa en Coruxo para pasar o verán. Alí realiza reunións clandestinas cos

galeguistas non exiliados pero silenciados, coa intención de reconstruír o Partido Galeguista. É encarcerado no actual Museo Marco de Vigo durante dúas semanas, acusado falsamente de pertencer á Unión de Intelectuais Libres. En 1949 publica *Cos ollos do noso espírito*, o seu primeiro libro, editado pola Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires.

É o de Lourenzá un autor prolífico canto á produción literaria. Destaca sobre todo o ensaio, con títulos como *Galicia no espello (1954)*, *Letras do noso tempo (1974)* ou *O río do tempo (1990)*. Son numerosos os volumes dedicados a personalidades, como *Luís Seoane desde a memoria*; *Antolín Faraldo, o gran soñador* ou *Con Pondal en Bergantiños*; e os seus libros de *Galicia Sentimental*, onde percorre as principais cidades galegas desde o punto de vista cultural e, asemade, persoal.

Da súa obra narrativa, cómpre mencionar *O cego de Pumardedón* ou *Na espera do amigo*, obras de certo carácter autobiográfico. Son de grande interese tamén as súas numerosas antoloxías poéticas nas que teñen cabida voces galegas de todos os tempos e as grandiosas traducións de clásicos universais ao galego.


Del Riego é unha figura clave na relación entre as persoas exiliadas e o galeguismo do interior e realiza un labor de ponte e conexión entre estes grupos, traballando sempre en proxectos comúns, como testemuñan as súas colaboracións na revista *Galicia emigrante*, dirixida por Luís Seoane en Buenos Aires. Visita América nalgunhas ocasións para confirmar a necesidade dese diálogo entre a Galicia de aquí e alén mar.

Con Xaime Isla Couto bota a andar o suplemento cultural *La Noche*, que marca o inicio da reconstrución cultural na posguerra. Cando este é clausurado, ten un papel decisivo na fundación da Editorial Galaxia (1950), onde desenvolverá labores de dirección e xerencia ao longo de máis de tres décadas; porén, non se limita a exercer unha función organizativa senón que corrixe textos, traduce, fai paquetes e envíallos á clientela etc.

El considerábase "un obreiro do galeguismo". O seu esforzo tamén se transloce nas páxinas da revista cultural *Grial*, que codirixe con Ramón Piñeiro desde 1963 ata 1988 e que foi, segundo ten dito moitas veces, unha das maiores satisfaccións da súa longa vida. En 1954, sofre unha nova detención, acusado de actividades políticas, e será ingresado no cárcere de Pontevedra durante un tempo, aínda que o seu caso é, finalmente, sobresido.

Alén de traballar anonimamente na preparación dos textos que se publican na Editorial Galaxia, detecta carencias e comeza a publicar obras propias de carácter divulgativo como a *Historia de la literatura gallega (1951)* —que, malia ser escrita orixinalmente en galego, só verá a luz nesta lingua 20 anos despois— e varias escolmas de poesía galega, entre outros moitos proxectos.

Á Real Academia Galega chega inicialmente en condición de membro correspondente en 1948, para logo ser numerario en 1960. Nesta época, solicita a aprobación dunha proposta que se fai efectiva no ano 1963: a celebración do Día das Letras Galegas, naquel ano dedicado á figura de Rosalía de Castro. Como presidente da institución, no período que vai de 1997 a 2001, renova os seus estatutos, modernízaa e responsabilízase da entrada nela de moitas persoas cunha bagaxe intelectual relevante.



Cando o apaixonado bibliófilo Fermín Fernández Penzol-Labandera lle doa a súa biblioteca a Galaxia e se crea a institución que leva o seu nome, Fernández del Riego converterase no responsable da súa dirección desde 1963 ata poucos meses antes de falecer. Instalada primeiro na rúa Policarpo Sanz, os fondos bibliográficos pasarían máis tarde a preservarse na Casa Galega da Cultura. A esta fundación uniríalle del Riego o seu propio legado, constituído por unha biblioteca e unha pinacoteca galega de altísimo valor.

En 1966 colabora co Servicio de Edicións, Publicacións e Traballos (SEPT), selo centrado na edición de textos de carácter relixioso.

A súa foi unha presenza constante en diversas cabeceiras xornalísticas. Entre elas cómpre salientar as súas colaboracións, moi dilatadas no tempo, no *Faro de Vigo* e en *La Voz de Galicia*, sobre temas culturais e literarios.

Achégase á órbita do Partido Socialista Galego na clandestinidade e, arredor dos anos setenta, ingresa en numerosas institucións como o Museo do Pobo Galego, a Fundación Otero Pedrayo, o Museo Carlos Maside, a Fundación Vicente Risco ou a Fundación Laxeiro. E todo iso sen deixar de publicar.

Recibe, nos seus últimos anos de vida, numerosísimos galardóns e recoñecementos, talvez como ninguén, do ámbito do galeguismo, recibiu nunca. Falece na cidade de Vigo o 23 de novembro de 2010 e, 13 anos despois, a Real Academia Galega decidiu tamén homenaxealo merecidamente neste 2023.

A partir da información dada, crea unha banda deseñada para ilustrar a vida de Francisco Fernández del Riego. Se o prefires, podes elaborar un vídeo ou un *podcast* e compártilo nas redes sociais.



A viaxe con Ramón Sanfiz

Benqueridas amigas e amigos! Preséntome. Son Ramón Sanfiz, un home sinxelo que ten o privilexio de ser o protagonista do libro *Galicia* de Francisco Fernández del Riego. Sabedes quen é, non si? Coñecedes algún dato sobre el?

Téño vos que dicir que son un viaxeiro moi privilexiado. Coñezo cada recuncho do país, de norte a sur e de leste a oeste. Que vos parece se vos levo de viaxe? Si! Coido que ha de ser a mellor maneira de que indagades sobre don Paco (así lle chamamos os amigos).

Preparade as mochilas para cargardes nelas unha chea de anécdotas, lugares, historias, libros, cancións e paseos que non vos han deixar indiferente, porque percorrer a vida e obra deste guerreiro galeguista havos encher de azos para afrontardes con entusiasmo o estudo do homenaxeado das Letras Galegas de 2023. Adiante!

1ª parada: O berce de Del Riego


Francisco Fernández del Riego naceu o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá, un lugar do Concello de Lourenzá, pertencente á provincia de Lugo e localizado na Mariña Central. É nesta comarca de Galicia onde pasa os seus primeiros anos de formación.

"Mondoñedo está nun baixo,
Vilanova, nun baixiño,
Nosa Señora da Graza,
na beiriña do camiño."
(cantar popular)



❖ **Francisco Fernández del Riego pasou os primeiros anos na provincia de Lugo. Tres son os lugares determinantes na súa formación. Coa axuda de Google Earth, localiza as seguintes coordenadas e traza un camiño que una estes lugares emblemáticos para o homenaxeado.**

- Latitude: N 42° 30' 43.24"
Lonxitude: O 7° 29' 39.23"
- Latitude: N 43° 00' 35"
Lonxitude: O 7° 33' 21"
- Latitude: N 43° 32' 00"
Lonxitude: E 10° 32' 00"



- ❖ Francisco Fernández del Riego fíxose amigo dunha chea de artistas nados por terras lucenses. Descubre, a partir da seguinte ecuación xeroglífica, a identidade do mindoniense que está agochado.



- ❖ Tamén foi amigo de Aquilino Iglesias Alvariño e Xulia Minguillón. Pescudade na Rede información sobre ambos os dous para coñecerdes a súa obra.



- ❖ Moitos artistas galegos coñecidos de Del Riego tivéronse que exiliar por mor da Guerra Civil. Atopa na sopa de letras unha pintora surrealista, un escritor e ilustrador considerado o pai do nacionalismo galego, unha actriz que triunfou en Francia e un pintor e ceramista que, xunto con Isaac Díaz Pardo, recuperou a antiga fábrica de Sargadelos.

e	l	r	l	m	a	p	e	n	a	o	e	s
i	m	u	u	e	r	c	l	p	g	r	e	a
m	a	r	i	a	c	a	s	a	r	e	s	p
x	r	o	s	s	u	s	d	e	g	o	e	g
e	f	q	a	o	s	t	g	u	e	v	r	c
s	b	r	t	a	f	e	p	c	s	q	f	g
t	i	n	b	l	a	l	o	q	r	n	l	e
a	o	l	l	a	m	a	j	a	u	r	a	m
p	q	e	t	i	c	o	l	f	n	b	l	p
e	r	t	a	p	e	s	c	b	b	e	f	g

- ❖ A relación do autor homenaxeado coa literatura universal deuse desde ben cedo. A seguir, completa a información da seguinte táboa de libros e autores favoritos de don Paco.

As _____ de _____	Jonathan Swift
A _____ de Sandokán	Emilio _____
A volta ao _____ en _____ días	_____

- ❖ Cubre a ficha biográfica de Fernández del Riego cos datos precisos:

Francisco Fernández del Riego



Nome:	
Apelidos:	
Data de nacemento:	
Lugar de nacemento:	
Data da morte:	
Irmás e irmáns:	
Centros de estudos:	
Cidades onde viviu:	
Profesión:	

- ❖ Na seguinte ligazón podes escoitar a voz de don Paco mentres relata a súa vida en primeira persoa. Pon atención para despois responderes as cuestións:

<https://www.youtube.com/watch?v=vbfHMeK8KKc&t=66s>

O BERCE DE DEL RIEGO

Benqueridas amigas e amigos!

Son Ramón Sanfiz, o protagonista do libro *Galicía* de Francisco Fernández del Riego; nesta obra, guiábase uns viaxeiros polo país. Imos descubrir as claves biográficas e creativas deste autor e construír xuntos un itinerario que vos convido a percorrer. Benvidas, benvidos!

O meu amigo Fernández del Riego veu ao mundo o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá. Primoxénito dunha extensa familia -tivo seis irmáns e catro irmás-, formábase na súa vila natal ata que se examina en Lugo do bacharelato elemental, para despois estudar no Colexio dos Escolapios en Monforte de Lemos de 1927 a 1930. E entón cando aproba a reválida con excelentes cualificacións e ingresa na Universidade.

Son estes os anos nos que se disciplina na lectura e nos estudos, ademais de participar, coma un máis, nos xogos e divertimentos propios da mocidade da súa época.

Ramón Sanfiz fálanos




Francisco Fernández del Riego-1-

- Que acontecemento político relevante vive Del Riego cando está a estudar en Madrid?
- Que obra de Vicente Risco lle fai mudar de pensamento?
- Cando intervéñ por primeira vez en público nun acto galeguista?
- Que cargo desempeñou dentro das Mocidades Galeguistas?
- Con que persoeros destacados do galeguismo participou?
- Por que o Partido Galeguista dá unha viraxe cultural?
- Cal é a editorial resultante froito de todo este labor?

2ª parada: Os anos de formación

- ❖ Moitas son as revistas da época en que colabora o autor canda outras personalidades destacadas daquel tempo: *Nós*, *Ser*, *Alento*, *A Nosa Terra* ou *Universitarios*, entre outras.

No seguinte código QR podes atopar o seu artigo "Índice cultural e artístico do renacemento galego" publicado na revista *Nós* (ano XV, 1933, núm. 118, 224-228). Este texto axudarache a entender o momento cultural galego en que viviu.



O comezo de século XX é un tempo moi convulso. Os conflitos marcarán a vida de Francisco Fernández del Riego e este terase que ir adaptando ás circunstancias, sempre sen se desfacer da súa esencia, esa que o distingue como líder e revulsivo cultural galego.

- ❖ Remata o seguinte eixe cronolóxico para teres unha visión global dos fitos que marcan a vida do autor de Lourenzá.

OS ANOS DE FORMACIÓN

Matricúlase en Madrid na Facultade de Dereito. Alí comprométese coas loitas estudantís da época, afíliase á Federación Universitaria Escolar (FUE) e vive de primeira man a instauración da República. Acaba o curso e retorna a Vilanova. O 25 de xullo de 1931, pronuncia a súa primeira proclama galeguista na vila natal.

Os pais deciden trasladar a casa a Compostela para que todos os fillos e fillas gocen da posibilidade de formarse alí. Francisco continúa os estudos de Dereito e en 1933 dita, en representación do alumnado, o discurso de inauguración do ano lectivo, no que reclama a galeguización do ensino universitario.

Nestes anos, incórpórase á loita galeguista con inequívoca convicción. Participa nas actividades do Seminario de Estudos Galegos e na asociación Ultreya, milita no Partido Galeguista e nas Mocidades Galeguistas, intervéñen en mítins e forma parte da comisión de propaganda do Estatuto de autonomía. Alén diso, frecuenta a editorial *Nós*, dirixida por Ánxel Casal, colabora nas revistas *Nós*, *Ser* ou *Alento* e dirixe *Universitarios* e *A Nosa Terra*. En 1934, ingresa como profesor axudante de Dereito na Universidade de Santiago.

Del Riego díxome unha vez: "Eramos mozos agresivos na crítica, radicais nas negociacións, rebeldes". Non mental

dos socialcos biográficos e vitais

Francisco Fernández del Riego -2-

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

1913
O 7 de xaneiro nace Don Paco en Vilanova de Lourenzá.

1931
O 25 de xullo celebra o Día da Patria co seu primeiro discurso.

1934
Comeza a Guerra Civil española que durará tres anos. Francisco será recrutado.

1934
Foi á cadea xunto con outros colegas pola actividade pública do galeguismo que practicaban.

1935
Creación da editorial Galaxia.

1936
Toma a iniciativa para crear o 17 de maio como Día das letras galegas.

20
Morre con 97 anos.

1931
O 25 de xullo celebra o Día da Patria co seu primeiro discurso.

1934
Instálase en Vigo.

1934
Publica a súa primeira obra: *Cos allos do noso espírito*.

1936
Ingresa dentro da Real Academia Galega.

1939
Durante catro anos asumirá a presidencia da RAG.

3ª parada: Os difíciles anos da guerra



A guerra traerá terribles consecuencias para a cultura galega, pois provocará un novo silencio literario. Con todo, Francisco Fernández del Riego será un guerreiro que loitará dende o seu despacho por manter vivo o espírito de toda acción galeguista.

"Estudantes galegos: a ingresar nas fías de Federación de Estudiantes Galegos pra salvar a nosa Patria, pra salvar a súa cultura pra insuflar métodos novos no campo apodrecido da burocracia escolar. Insinúo un derradeiro berro, cando remato de deixar a Universidade, acabada a miña carreira, despois de ter loitado ininterrompidamente durante tres anos por implantar este evanxeo redentorista no cerne do estudantado galego.

Irmáns, mozos, estudantes de Galiza: Adiante!!!"

"Movimento escolar galeguista", A Nosa Terra, 352, 9-2-1935, p. 4

❖ **Atopa a palabra agochada nas seguintes definicións:**

Vila situada no sur da provincia de Lugo onde estudou Del Riego.	-----
Sistema de goberno democrático en que o xefe de estado é elixido polo pobo.	-----
Carreira que estudou Fernández Del Riego para coñecer as leis que regulan as relacións dunha sociedade.	-----
Organización xuvenil do Partido Galeguista da que formou parte o autor.	----- -----
Nome da revista publicada en galego entre 1920 e 1936, con contidos culturais, políticos e etnolóxicos, que foi un dos órganos de expresión da galegitude da época.	---
Conxunto de tropas armadas preparadas para combater.	-----

- ❖ Sabes o que foi o “Cuerpo del Ejército de Galicia”? Del Riego foi recrutado para formar parte do exército franquista. Non foi o único escritor galego, coñeces algún outro? Si..., o da *Longa noite de pedra*? Cales foron as causas que levaron a ambos os dous a formar parte deste exército? Tivo consecuencias psicolóxicas este feito?
- ❖ A seguir, podes ver catro fotografías que reflicten a crueza da guerra. Elixo unha delas e crea unha crónica xornalística arredor do contido da imaxe.



- ❖ Deseguido, atoparás un texto de Francisco Fernández del Riego traducido para o francés. Intenta poñelo en galego e compara despois o resultado co texto orixinal do autor, que atoparás na páxina 96 da súa obra *Camiño andado* (Galaxia, 2003).

“La guerre civile n'avait pas seulement tronqué de manière drastique le processus historique en cours du «galeguismo». Elle a semé la peur, la persécution, la désolation [...] Dans de telles circonstances toute tentative de redressement semblait impossible. Mais il fallait quand même commencer quelque part, avec des risques, des dangers, la tâche de récupération. Je tournais dans ma tête l'état de la situation un jour de 1941, en me promenant dans le Castro de Vigo.”

4ª parada: Vigo. Un lugar aquelado

VIGO, UN LUGAR AQUELADO

Acollido no despacho de Valentín Paz-Andrade, empeza a encargarse da revista Industrias Pesqueiras, mais, mesmo nunha cidade na que é un descoñecido, recibe ameazas telefónicas. Para paltar os apertos económicos, dá clases nos colexios Mezquita e Labor e colabora noutras revistas e xornais, sempre asinando con pseudónimos ou ignorando o segundo apelido para evitar problemas.

No ano 1940, casa con Evelina Hervello, a quen xa coñecera nos seus anos estudiantís en Compostela. Pouco e pouco, vai mellorando a súa situación económica e aluga unha casa en Coruxo para pasar o verán. Alí realizará reunións clandestinas cos galeguistas non exiliados pero silenciados, coa intención de reconstruír o Partido Galeguista.

É encarcerado no actual Museo Marco de Vigo durante dúas semanas, acusado de pertencer á Unión de Intelectuais Libres. En 1943, publica o seu primeiro libro, Cos ollos do noso es-
prito, editado pola Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires.



Francisco Fernández del Riego. -4-

❖ Das seguintes afirmacións sobre Del Riego, cal é verdadeira?

- a) Despois da guerra residiu nunha cidade descoñecida.
- b) Pasou certa penuria porque o ensino non estaba ben pagado.
- c) A produción editorial foi unha das súas ocupacións destacadas.
- d) Recibiu ameazas por asinar artigos con pseudónimo.

❖ Das seguintes afirmacións sobre Del Riego, cal é falsa?

- a) Nos primeiros anos da posguerra pasou algunhas estreitezas económicas.

- b) Traballou no sector primario, concretamente na industria pesqueira.
- c) Evita utilizar o seu nome verdadeiro para tentar pasar inadvertido.
- d) A prensa e o ensino foron os seus primeiros traballos despois da guerra.

❖ Completa os seguintes enunciados:

- a) Ao rematar establece a súa residencia en
- b) A partir de certo momento pasa tempadas na parroquia viguesa de
- c) O edificio do actual Marco de Vigo albergou noutro tempo
- d) A súa *opera prima* foi e saíu do prelo en

❖ Cal das seguintes é a definición máis acaída do termo pseudónimo?

- a) Nome ficticio con personalidade diferenciada do/da propio/a creador/a.
- b) Persoa que, sendo a autora de algo, non dá a coñecer o seu nome.
- c) Persoa que oculta o seu nome por medio dun anagrama.
- d) Nome ficticio co que alguén asina a súa obra para esconder a súa identidade.

- ❖ **Relaciona axeitadamente os nomes cos apelidos que che proporcionamos e coñecerás os pseudónimos máis utilizados por Francisco Fernández del Riego:**

1	Adrián		Barreiros
2	Ramón		Lorenzana
3	Salvador		Soutelo
4	Cosme		Solovio
5	Adrián		Sanfiz

- ❖ **Valentín Paz Andrade –en cuxo despacho traballou Del Riego ao pouco de rematar a guerra e nada máis chegar a Vigo– foi tamén homenaxeado co Día das Letras Galegas, no ano 2012. Procura información sobre este autor e elabora unha ficha informativa na que recollas sucintamente o máis relevante da súa vida e obra.**

Por estes anos, a defensa do idioma galego era algo vital para a súa supervivencia. Esta é a reflexión de Francisco Fernández del Riego arredor desta cuestión. El, xunto con moitos outros compañeiros, será quen poña os alicerces para a posterior normativización do idioma e da súa normalización.

- ❖ **Le o seguinte texto:**

“O galego resulta ser a expresión máis completa e definidora de cantos o falaron e o falan; pois que vén ser o resultado dunha experiencia colectiva multiseccular. Non se trata da expresión de grupos minoritarios, senón de algo elaborado a través do tempo en todas as camadas sociais.

Non hai dúbida de que a existencia de Galicia como pobo se manifesta na existencia de Galicia como cultura peculiar. O ser de Galicia depende, pois, da súa pervivencia como cultura. [...] De todos os elementos nos que unha cultura se finca, o idioma é o máis radical e representativo. Porque o idioma, ademais de ser o que identifica a todos os integrantes dun pobo como unidade cultural xenuína, é tamén, pola mesma razón, o que a distingue de todas as demais.”

Francisco Fernández del Riego (2003). *Sinais dunha cultura*. Deputación de Pontevedra: Pontevedra

Responde:

- Que é para del Riego o galego?
- Que papel ten o idioma na definición dun pobo?
- Por que cres que afirma que a existencia de Galicia é unha cultura peculiar?
- Que visión tes ti da cultura galega? Serías quen de dar unha definición?

5ª parada: A relación co exilio e o motor de Galaxia

A RELACIÓN CO EXILIO E O MOTOR DE GALAXIA

Del Riego foi unha figura clave na relación entre o exilio e o galeguismo da Galicia interior e realizou un labor de ponte e conexión entre estes dous mundos, traballando sempre en proxectos comúns, como testemuñan as súas colaboracións na revista *Galicia Emigrante*, dirixida por Luís Seoane en Buenos Aires. Visitará América nalgúns ocasións para confirmar a necesidade dese diálogo entre a Galicia de aquí e alén mar.

Con Xaime Isla Couto, bota a andar o suplemento cultural *La Noche*, que marcou o inicio do labor de reconstrución cultural na posguerra. Cando este foi clausurado, ten un papel decisivo na fundación da Editorial Galaxia (1950), onde se responsabiliza da dirección e xerencia ao longo de máis de tres décadas. Porén, non se limitaba a exercer unha función organizativa senón que corruxía e traducía textos, facía paquetes e leváboos ao correo etc. Por iso el me dicía sempre que se consideraba "un obreiro do galeguismo". O seu esforzo tamén se transloce nas páxinas da revista *Grial*, que dirixiu con Ramón Piteiro de 1963 a 1988. Moitas veces me ten comentado que esta supuxera unha das maiores satisfaccións da súa longa vida.

En 1954 sufrirá unha nova detención, acusado de actividades políticas, e será ingresado no cárcere de Pontevedra durante un tempo, aza que o seu caso foi, por fin, sobresido.

Francisco Fernández del Riego -5-

❖ Cal das seguintes definicións corresponde ao concepto de exilio?

- Condición de quen abandona a patria por motivos políticos.
- Condición de quen abandona o seu país por razóns de traballo.
- Condición de quen perde o traballo por motivos disciplinarios.
- Condición de quen sofre represalias por motivos ideolóxicos.

❖ Cal dos seguintes nomes non se asocia coa literatura galega do exilio?

- Luís Seoane
- Lorenzo Varela
- Castelao
- Álvaro Cunqueiro

❖ Salto do cabalo. Partindo da letra destacada e facendo o movemento do cabalo de xadrez, poderás obter as cabeceiras de certas publicacións nas que Fernández del Riego participou.

A	S	C	D	N	F	L	G
I	Z	O	H	I	R	N	H
S	Q	A	I	A	A	L	A
R	C	D	L	I	R	U	T
E	E	R	P	T	R	G	L
H	V	P	M	N	A	E	Ñ
T	X	O	G	B	A	G	L
M	E	N	B	I	V	Z	N

❖ Xogamos ás palabras encadeadas. Con estes dous termos procura descubrir cal é a palabra que se agocha e que describe o labor que mantivo del Riego coas persoas exiliadas.

EPÍSTOLAS	I _ _ _ L _ _ _ T _ _ R	EXILIO
-----------	-------------------------	--------

❖ **Cal das seguintes informacións acerca de Fernández del Riego é verdadeira?**

- a) Codirixiu, xunto con Luís Seoane, a revista *Galicia Emigrante*.
- b) Tras o inicio da Guerra Civil, viviu algún tempo exiliado en América.
- c) Desempeñou un papel destacado coordinando esforzos coa xente da diáspora.
- d) Fortaleceu o galeguismo no interior de Galicia, pero non na zona costeira.

❖ **Cal das seguintes informacións acerca de Fernández del Riego é falsa?**

- a) Dirixiu a Editorial Galaxia desde a fundación ata a súa clausura en 1950.
- b) O seu labor foi clave para a posta en marcha do suplemento cultural *La Noche*.
- c) Na Editorial Galaxia desenvolvía acotío unha ampla gama de tarefas.
- d) Sentíase particularmente orgulloso da súa participación na revista *Grial*.

❖ **Ramón Piñeiro —que foi outro dos fundadores da Editorial Galaxia en 1950 e codirector da revista cultural galega *Grial* ata 1988 con Francisco Fernández del Riego— recibiu tamén a homenaxe do Día das Letras Galegas, no ano 2009.**

Procura información sobre este autor e elabora unha ficha informativa na que recollas de forma breve o máis relevante da súa vida e obra.



❖ **Le o seguinte texto e responde:**

"Amainada un algo a travesía do 36, encetaron o labor de reconquista da cultura propia, de recuperar a Galicia galega. Coa axuda dos superviventes da xeración anterior, queríamos continuar a súa historia. Cumpría atopar entusiasmo para a loita. Tomar nela a ofensiva para poder cumprir os obxectivos. Necesitábase adquirir conciencia da realidade na que nos movíamos. Por iso importaba tanto gravar na mente a idea heroica, intransigente, da recuperación.

O chamamento xeracional incitaba a reaccionar con novos xeitos fronte ó espectáculo de miseria moral e de aldraxe."

Francisco Fernández del Riego (1996). *A xeración Galaxia*. Galaxia: Vigo

- a) Quen conformaba a xeración Galaxia?
- b) Por que cres que era importante o "chamamento xeracional" para o porvir da cultura galega?

6ª parada: O seu incansable labor na Real Academia Galega

O SEU INCANSABLE LABOR NA REAL ACADEMIA GALEGA

Alén de traballar na preparación e disposición dos textos que se publican na Editorial Galaxia, detecta carencias e empeza a publicar obras propias de carácter divulgativo, como a *Historia de la literatura gallega* (1951) -que, malia ser escrita orixinalmente en galego, só verá a luz nesta lingua 20 anos despois- e varias escolmas de poesía galega, entre outros moitos proxectos.

Á Real Academia Galega chega inicialmente en condición de membro correspondente en 1948, para logo ser numerario en 1960. Nesta época, solicita a aprobación dunha proposta que comeza a ser efectiva no ano 1963: a da celebración do Día das Letras Galegas, naquel ano dedicado á figura de Rosalía de Castro. En 1967, para lle abrir novos camiños á lingua galega, solicitou da RAG a comunicación oficial aos poderes públicos da necesidade de estudar galego no ensino.

Como presidente da institución, no período que vai de 1997 a 2001, renova os seus estatutos, modernízaa e, ao mesmo tempo, responsabilízase da entrada nela de moitas persoas cunha bagaxe intelectual relevante.



Francisco Fernández del Riego -6-



Primeiro cartel do Día das Letras Galegas (autoría Xohán Ledo)

Malia afirmar que a súa vida corporativa non tivo relevo ningún e que se limita a cumprir cos acordos e intervir en diferentes actos en representación da institución si reconece, e con xustiza, a iniciativa da celebración do Día das Letras Galegas.

❖ Sinala se as afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

No seu labor dentro da Editorial Galaxia, Del Riego responsabilízase de:

	V	F
Solicitar orixinais.		
Corrixir libros.		
Mecanografar orixinais manuscritos.		
Vixiar o seu proceso de impresión.		
Escribir libros.		
Coordinar a revista <i>Grial</i> .		
Presentar os orixinais á censura previa.		
Facer paquetes de libros e levalos a Correos.		
Realizar tarefas económico-administrativas.		
Ilustrar os libros.		

❖ Sinala as datas axeitadas:

Inauguración da Real Academia Galega	19_ _
Incorporación del Del Riego á presidencia	19_ _
Traslado da RAG á sede da rúa Tabernas	19_ _
Aprobación dos estatutos en vigor da RAG	20_ _

❖ **Une os títulos de Del Riego publicados en Galicia co ano correspondente:**



❖ **Sinala se estas afirmacións sobre a RAG son verdadeiras ou falsas:**

	V	F
Encárgase de "darlle unidade ao idioma galego mediante a publicación dunha gramática e un dicionario".		
Os seus presidentes hoxe en día exercen a súa función durante un período de tempo ilimitado.		
Non hai diferenzas entre un membro académico correspondente e un de número.		
A súa sede cambia cada década.		
Decide sobre os días festivos de Galicia.		
O seu pleno está constituído por 30 membros.		
Decide sobre o autor ou autora que se homenaxea no Día das Letras Galegas.		
É a institución cultural máis antiga de Galicia.		
É a responsable da modernización e actualización do léxico.		

❖ **Como membro numerario e presidente da RAG, Fernández Del Riego tivo unha actuación determinante en numerosos acordos. Corrixe os enunciados para que sexan todos verdadeiros.**

- Foi un dos impulsores da creación do Día das Letras Portuguesas.
- Defendeu a non incorporación de novos membros á RAG.
- Impuxo que a presidencia debería ser un mandato vitalicio.
- Decidiu abrir unha nova sede en Santiago de Compostela.
- Quixo inaugurar unha libraría nun local anexo.

Fernández del Riego estableceu vínculos e relacións con moitas personalidades da cultura galega. Nun libro de memorias proferiu estas palabras:

"Sobrevivín eu, de xeito inmerecido, ós que as pronunciaron. Pero na miña senectude continúo escoitándoas, coa saudade dos tempos de común labor e amizade. Porque, ademais, están a soar na paisaxe cultural que van deseñando as xeracións que nos suceden".

M. D. Cabrera e M. D. Villanueva (2013). *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Galaxia

- ❖ Del Riego foi presidente da Real Academia Galega. Sinala se as seguintes persoas coñecidas súas o foron ou non:



- ❖ Le este texto de Del Riego, extraído de *A xeración Galaxia*. Que idea quere expresar?

“Os libros tiñan que pasar por tres censuras, incongruentes, arbitrarias, anacrónicas: a falanxista, a militar e a clerical. ¿Que estaba a ocorrer coa cultura galega? Moitos dos seus persoeiros saíran exiliados do país. Outros, aquí residentes, tiñan que se manter amudecidos. Galicia quedara raída. Vírase reducida a unha mera expresión xeográfica. Nesas circunstancias tentamos o esforzo de lles fornecer ós galegos a conciencia do país. Constituímonos en continuadores dos intelectuais que traballaron para incorporar Galicia ó mundo europeo.”

Indica o significado correcto dos seguintes termos.

Censura:

- a) Control exercido por unha autoridade sobre publicacións, espectáculos e medios de comunicación para que non se desvíen de determinadas liñas políticas, ideolóxicas ou relixiosas.
- b) Revisión estilística dun texto literario.

Incongruente

- a) Algo que manifesta unha relación de conflito ou de non correspondencia lóxica con outra ou entre as súas partes.
- b) Manifestación pública de insatisfacción.

Arbitraria

- a) Que actúa segundo a súa vontade ou capricho, sen suxeitarse a regras ou razóns.
- b) Que se relaciona coa figura dun árbitro ou árbitra dunha competición deportiva.

Anacrónica

- a) Que non se corresponde coa súa época.
- b) Que vale para todas as épocas.

Persoeiro

- a) Personaxe público relevante.
- b) Cabeza visible dunha familia.

Fornecer

- a) Darlle ou venderlle algo a alguén.
- b) Deixar sen vida, matar.

7ª parada: A Fundación Penzol e máis

A FUNDACIÓN PENZOL E MÁIS

Cando Fermín Fernández Penzol-Labandera, rexistrador da propiedade de profesión e bibliófilo apaixonado, lle doa a súa biblioteca a Galaxia e se crea a institución que leva o seu nome, Fernández del Riego convértese no responsable da súa dirección, desde 1963 ata poucos meses antes do seu falecemento. Os fondos bibliográficos, instalados primeiro na rúa Policarpo Sanz, pasarán máis tarde a preservarse no edificio da actual Casa Galega da Cultura. A esta fundación uníralle Del Riego o seu propio legado de máis de 30.000 volumes e o seu arquivo persoal; ademais, tamén lle cederá á cidade de Vigo unha pinacoteca galega de altísimo valor.

Del Riego será o gardián dese patrimonio e a sede da Fundación Penzol foi desde entón o seu lugar de traballo e o seu fogar. Alí ten o seu despacho, recibe as visitas e escribe os seus últimos libros e artigos.

A súa foi unha presenza constante en diversas cabeceiras xornalísticas. Entre elas cómpre salientar as súas colaboracións, moi dilatadas no tempo, tanto no Faro de Vigo como en La Voz de Galicia, sobre temas culturais e literarios.

“Os fondos da son de dúas clases:, formados por libros, folletos, e publicacións periódicas, e de orixe pública ou privada, así como especiais e coleccións variadas. Caracterízanse todos por ter como denominador común temas ou asuntos referidos a, editados en e fóra de Galicia en diversas linguas. Con ampliación, ademais, dos correspondentes aos territorios que os lingüistas chaman “área do exterior”: O Bierzo, A Maragatería, a parte occidental de Asturias. Tamén textos de e das súas ex-colonias, do Brasil, producións dos Centros Galegos de, das nacionalidades históricas, Cataluña e o País Vasco.”

❖ Completa o texto, extraído da seguinte web, coas palabras do cadro.

https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#/

América	bibliográficos	documentais	galego
Galicia	institución		Portugal

❖ Procura datos sobre Fermín Penzol e redacta...

- Unha pequena biografía deste para o blog do centro.
- Un texto para un folleto turístico coas características da Biblioteca Penzol (lugar onde está, fondos conservados etc.).

Para te documentares, podes consultar esta ligazón:

<https://hoxe.vigo.org/pdf/PENZOL/PENZOL.pdf>

❖ Ao fondo patrimonial achegado por Fermín Penzol fóronselle sumando posteriormente doazóns e legados como os de:

Otero Pedrayo - Luís Seoane - Ánxel Fole - Rodrigues Lapa - Del Riego
 Carlos Velo - Xesús Alonso Montero - Curros Enríquez - Ramón Piñeiro

Contribuíron co seu patrimonio...	Non contribuíron co seu patrimonio...

- ❖ Atopa na seguinte nube de palabras os pseudónimos que empregou Fernández del Riego para asinar algúns dos seus escritos.



Moitas foron as horas que Francisco Fernández del Riego pasou como editor. Mecanografaba na máquina de escribir os exemplares que chegaban á editorial. El, inseparable do trebello, non deixou de escribir ata o derradeiro día da súa vida.

- ❖ O seguinte texto é un fragmento dunha monografía que Del Riego lle dedicou a outro editor, Ánxel Casal. Investiga en Internet para descubrires a relación que tivo con el.

“Imos, pois, reseñar unha vida de nidos horizontes ofrendada a Galicia, ate o derradeiro momento; e unha obra todo sinceridade, desprendimento e emoción... Si o nome e máis o esforzo xeneroso de Ánxel Casal se identifican de tal xeito coa cultura do país, é porque nin el nin os demais loitadores da mesma causa construíron sobre alicerces de fume, sinón sobre a conciencia firme dun ideal. A obra do editor e do patriota, que é a historia da súa alma e do seu exemplo, que é signo dun carácter, danos de seu unha definición tan parenética como axeitada.”

Fernández del Riego, F. (1983). *Ánxel Casal e o libro galego*. Ediciós do Castro: Sada

8ª parada: Os derradeiros anos

O labor incombustible de Francisco Fernández del Riego fixo que o seu legado sexa hoxe un verdadeiro tesouro para todo o pobo galego. O seu exemplar facer como galeguista merece esta celebración.



❖ Completa o texto coas seguintes palabras.

obra	construír	galeguismo	revolucións
optimismo	ruído	tecnoloxía	exemplo

"Sempre a pé de, seguiu traballando arreo e con radical..... , ata os derradeiros momentos da súa vida, para un país libre e galego. Marchou paseniño, sen facer....., sen folgos porque os investira todos en Galicia, cos ollos cansos de loitar, pero iluminados de «Eu parei na máquina de escribir, eu estou aínda nun período anterior á revolución, na revolución industrial, e mantéñome nela». Francisco Fernández del Riego transcenderá a todas as, porque non poderemos facer ningunha sen o seu, sen a súa guía."

Malores Villanueva: "Francisco Fernández del Riego". Publicado o 14/01/2022 no *Álbum de Galicia* (Consello da Cultura Galega) <http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=1374> . Recuperado o 21/11/2022

❖ Consulta aquí "De Xian Sorel ao vermello e o negro", o derradeiro artigo publicado polo autor nunha cabeceira de prensa galega:

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2022/07/10/xian-sorel-ao-vermello-negro/00031657475094201519749.htm>



a) Define os seguintes termos, extraídos do texto:

enxergar – azougue – rubir - calidoscopio – enxoita – senlleira



b) Procura información na Rede sobre estes autores citados no artigo e apunta algún libro destas voces:

Stendhal

Shakespeare

Ortega e Gasset

❖ **O test definitivo de don Paco. Marca as opcións correctas:**

Del Riego militou nos seguintes partidos políticos ou simpatizou con eles:	
Partido Galeguista	<input type="checkbox"/>
Unión de Centro Democrático	<input type="checkbox"/>
Partido Comunista	<input type="checkbox"/>
Partido Socialista Galego	<input type="checkbox"/>
Partido Socialista Obreiro Español	<input type="checkbox"/>
Partido Nacionalista Vasco	<input type="checkbox"/>

Del Riego participou nestas institucións culturais:	
Fundación Vicente Risco	<input type="checkbox"/>
Fundación Laxeiro	<input type="checkbox"/>
Fundación BBVA	<input type="checkbox"/>
Museo do Pobo Galego	<input type="checkbox"/>
Real Academia Española	<input type="checkbox"/>
Museo Carlos Maside	<input type="checkbox"/>

Algúns dos recoñecementos que recibiu nos últimos anos de vida foron:	
Premio Nobel de Literatura	<input type="checkbox"/>
Fillo Predilecto de Nigrán	<input type="checkbox"/>
Premio Cervantes	<input type="checkbox"/>
Premio Xerais de Novela	<input type="checkbox"/>
Medalla de Ouro de Galicia	<input type="checkbox"/>
Medalla de Ouro Cidade de Vigo	<input type="checkbox"/>
Premio das Artes e das Letras de Galicia	<input type="checkbox"/>
Premio Fernández Latorre de xornalismo	<input type="checkbox"/>


❖ **Le o seguinte texto e escribe un artigo de opinión sobre o tema:**

"O idioma antes utilizábase, normalmente, no medio rural e xa en tempos de Curros Enríquez dicíase que coa chegada da primeira locomotora ía desaparecer. Sempre fun optimista porque o feito de que nin Franco lograra desaparecerlo é un síntoma de capacidade de resistencia.

O galego ten que pervivir. Agora ves até naturalidade nos que contestan en galego cando os interpelan na televisión, algo impensábel tempo atrás. A xente que veu ás cidades desertou moito do idioma, pero de todos os xeitos ninguén se atreve hoxe a dicir que o galego é de analfabetos. A nosa teima era europeizar o idioma para que todos os saberes tivesen un vehículo e non quedase só para a poesía. Consequímolos".

Francisco Fernández del Riego: "Queimamos a vida en defender a cultura do país",
El País, 26-1-2007 (entrevista de Xan Carballa)

- ❖ Moitas foron as persoas homenaxeadas desde 1963 no Día das Letras Galegas. Completa o seguinte eixe cronolóxico coas datas e nomes que faltan.
- ❖ Del Riego elixiu a Rosalía de Castro para o primeiro Día das Letras Galegas. Desde entón, cantas mulleres máis recibiron esta homenaxe? E homes? Debatede na aula sobre o tema.
- ❖ Fernández del Riego publicou diversas monografías de escritores galegos. Localízalas na súa biografía da Galipedia e pescuda a cantos deles se lles dedicou o Día das Letras Galegas.



- ❖ Indica as cidades onde se sitúan estas institucións ou empresas nas que Del Riego ocupou postos de responsabilidade ou coas cales colaborou:

Fundación Penzol
 Editorial Galaxia
 Artes Gráficas Galicia
 Seminario de Estudos Galegos
 Real Academia Galega
 Instituto Galego de Información

- ❖ **No ámbito cultural, foi un defensor da música galega. Moitas foron as formacións que lle interesaron, pero houbo unha, saída da súa vila natal, que o embriagou. Descubre cal é.**

A banda foi formada por un pequeno grupo de adolescentes en Vilanova de Lourenzá (Lugo), Xermán Viluba –guitarra, voces– e Emilio López –voz.

Aos poucos foi xurdindo a concienciación política e a banda comeza a tomar forma con Xoán Villamel –batería– e mais Iván Laxe –baixo, programacións e teclados–.

Infórmate.



O rock combativo é o deles; no seu sinxelo "O verme homicida" asasinan políticos corruptos, empresarios explotadores, nazis e racistas.

Escoita.



O legado cultural de Francisco Fernández del Riego é extraordinariamente variado: libros, máquinas de escribir, cadros, esculturas, galardóns, epístolas... Un verdadeiro tesouro que fai deste home tamén un tesouro para Galicia.



- ❖ **Convértete en Del Riego. Pensa que vas escribir empregando unha máquina de escribir, pero queres botar man dunha tipografía xenuína galega. Atende! Castelao tamén creou un tipo de letra que empregou en revistas como *A Nosa Terra* ou *Nós*.**

Baseándote en formas tradicionais galegas (da cantaría, signos lapidarios, monumentos como o Pórtico da Gloria ou a Catedral de Ourense etc.) crea a tipografía galega única!

ABCDEFGHIJKLM
 NOPQRSZUVWXYZ
 ABCDEFGHIJKLM
 NOPQRSZUVWXYZ
 0123456789!?!]

9ª parada: A obra de don Paco



Marca cun X os títulos cuxo autor sexa Del Riego.

<i>A xeración Galaxia</i>	<input type="checkbox"/>
<i>Ánxel Casal</i>	<input type="checkbox"/>
<i>De catro a catro</i>	<input type="checkbox"/>
<i>O cego de Pumardedón</i>	<input type="checkbox"/>
<i>O lapis do carpinteiro</i>	<input type="checkbox"/>
<i>O porco de pé</i>	<input type="checkbox"/>
<i>O río do tempo</i>	<input type="checkbox"/>

- ❖ Este texto pertence a unha das obras narrativas do autor. Pescuda na Rede información sobre ela e fai unha entrada para o blog do centro.

"Erguinme mui canso. Pola noite chovera a dar auga. Apenas durmín. A mañá apareceu cun tempo abondo calmo. As uces estaban aínda molladas, e das mapoulas bermellas penduraban pingas de rosada. Asubiaba mainamente o vento cando me erguín. Pero o ceo seguía embazado. Denantes do desaxuno din unha volta pola prosición, tristeira e pelada. Asumeime á ermida terrosa, semidesfeita que está nun estremeiro do monte, riba da estrada e que serve de posto de esculca. Aló embaixo, a dous kilómetros descóbrese o pobo, homildoso, de casas modestas."

Francisco Fernández del Riego (1992): *O cego de Pumardedón*. Ir Indo: Vigo

- ❖ **Agrupa estes libros de Del Riego segunda o xénero ao que pertencen.**

<i>O cego de Pumardedón - O señor da Casa Grande de Cimadevila</i> <i>Blanco Amor. Emigrante e autodidacta. A súa vida literaria</i> <i>Sesenta gallegos ilustres - Con Pondal en Bergantiños</i> <i>Antolín Faraldo. O gran soñador</i>			
Narrativa	Ensaio literario	Autobiografía	Xornalismo

- ❖ **Del Riego preparou unha chea de antoloxías ao longo da súa vida. Sinala cales destas son da súa autoría.**

Marca cun X os títulos que preparou.	
<i>Antoloxía de poemas de amor</i>	
<i>Antoloxía da poesía galega do século XXI</i>	
<i>Antoloxía do conto galego</i>	
<i>Eduardo Blanco Amor: escolma de textos</i>	
<i>Escolma de teatro galego do século XIX</i>	
<i>Escolma de poesía galega III. O século XIX</i>	
<i>Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos</i>	
<i>Ensaio filosófico galego do século XX</i>	
<i>Pensamento galeguista do século XIX</i>	
<i>Pensamento e sementeira de Antón Villar Ponte</i>	
<i>Pensamento galeguista do século XX</i>	
<i>Poesías gallegas, de Francisco Añón Paz</i>	
<i>Vicente Risco: escolma de textos</i>	

- ❖ **A seguir, tes unha reflexión de Del Riego sobre o que significa a lingua para el. Complétaa coas palabras do cadro.**

cultura identifica pobo xenuína distingue

“De todos os elementos nos que unha se finca, o idioma é o máis radical e representativo. Porque o idioma, ademais de ser o que a todos os integrantes dun como unidade cultural....., é tamén, pola mesma razón, o que a de todas as demais.”



- ❖ **Completa este fragmento da novela *O cego de Pumardedón*, de Francisco Fernández del Riego, coas seguintes palabras.**

dereitos	país	negaron	galego
intereses	realidade	mocidade	

"Pertenzo ao mundo Naturalmente, loito porque se lle recoñezan os seus O contido do meu pensar céntrase no feito de que o noso ten unhas características de seu. Unhas características esenciais que se lle ao longo de moitas décadas, pola interferencia dominante de foráneos. Sobre esta teño matinado arreo desde a miña primeira"

- ❖ **Del Riego era consciente da necesidade de que as grandes obras da literatura universal puidesen ser lidas en galego.**

Marca cun X os títulos que anosou don Paco.

<i>O Quixote</i> , de Miguel de Cervantes	<input type="checkbox"/>
<i>Grandeza e decadencia do reino de Galicia</i> , de Emilio González López	<input type="checkbox"/>
<i>Itawa: contos dos peles roxas americanos</i> , de Miquel Desclot	<input type="checkbox"/>
<i>A illa misteriosa</i> , de Stevenson	<input type="checkbox"/>
<i>Obabakoak</i> , de Bernardo Atxaga	<input type="checkbox"/>
<i>Cen anos de soidade</i> , de Gabriel García Márquez	<input type="checkbox"/>
<i>As tres laranxas da vida</i> , de Francesc Boada	<input type="checkbox"/>
<i>Uvas e granito. Unha viaxe por Galicia</i> , de Nina Epton	<input type="checkbox"/>

- ❖ **Velaquí un texto da obra *Galicia* (Xerais, 1994), de Del Riego, traducido para o inglés. Vólveo ao galego e compara o resultado co texto orixinal que atoparás na páxina 153 da obra amentada.**

"The Sargadelos earthenware factory was founded in 1802. Very soon it competed with the main industries in the field. At present, at the initiative of the artists Díaz Pardo and Luis Seoane, the old ceramics have been reconstructed with a vision of our days. A new factory with a new style, designed by Albalat, with an architecture adapted to the landscape, presides over the recent activities. In this way, new technical and artistic horizons have been opened for the production of ceramics in Sargadelos."

- ❖ **Completa esta resposta de Del Riego nunha entrevista que lle realizou Begoña Sotelino ("Fun presidente por disciplina", *La Voz de Galicia*, 29-1-2002).**

cumprín	conciencia	ostentación	poder
---------	------------	-------------	-------

"Creo que co que deixo feito co meu deber e teño a tranquila. Nunca perseguín a, nin figurar, nin o"

10ª parada: #DixerónDel



- ❖ Moitas foron as personalidades que dixeron del palabras únicas que describen unha figura tamén única para Galicia e a súa cultura. Logo de coñeceres máis en profundidade a don Paco, animate a compartir na Rede algún dato curioso, o que máis che chamou a atención ou un fragmento da súa obra para chegue a un público máis amplo, co cancelo #DixerónDel.
- ❖ Nesta entrevista podes escoitar en primeira persoa algunha das súas máis curiosas anécdotas.

<http://www.crtvg.es/cultural/especiais/francisco-fernandez-del-riego-1>



Bonus: Paseando polo Vigo de don Paco

Andaina polo Vigo de Francisco Fernández del Riego

- ❖ Coa axuda dun mapa, en equipos, localizade 10 lugares emblemáticos para Del Riego. Trátase dunha xincana fotográfica, conque non vos esquezades de tirardes a fotografía que demostre a vosa visita. Apurade porque o tempo corre en contra.



- 1 O punto de partida é o **IES Castelao**. Co autor que lle dá nome a este centro educativo mantivo relación durante os anos composteláns e a actividade política no seo do Partido Galeguista, man a man en numerosos mitins, sobre todo na campaña do Estatuto de autonomía de 1936.
- 2 O seguinte punto que hai que localizar é a rúa **Segovia, 15**. Aí desempeñou na posguerra o cargo de xerente nunha empresa de artes gráficas. Lembras o nome?
- 3 Vai ata o centro e indaga onde quedaba o antigo **Bar Derby**. Que hai agora no seu lugar? Ao lado estaba o despacho do avogado Valentín Paz Andrade, onde traballou Del Riego. Aproveita para tomares un refrixerio!
- 4 En 1940, **Valentín Paz Andrade** aluga un piso na rúa **Policarpo Sanz nº 22, 2º** e establece o seu despacho aí. Neses anos, Del Riego tamén traballa no mesmo lugar durante algún tempo. Procuráao.



- 5 Francisco Fernández del Riego vive na **rúa Dr. Cadaval**, nº 32 durante bastantes anos. Vai ata aí.
 - 6 Del Riego aluga unha casa para pasar o verán en **Coruxo**. Busca un sinal que marque a dirección cara a esta zona da cidade.
 - 7 O punto seguinte da andaina é a **Editorial Galaxia**. A sede estaba na rúa Reconquista, número 1, en fronte de Correos. Os locais daban á alameda e á rúa Reconquista.
 - 8 A carón da Editorial Galaxia, na alameda, está a **casa** onde viviu os seus últimos anos. Localiza a placa que hai nesa zona, onde se dá esta información.
 - 9 Procura onde queda a **Pinacoteca Fernández del Riego**. Aí están os seus fondos artísticos, cedidos a Vigo. Tira unha foto desde a fachada do edificio.
 - 10 Entra na sede da **Fundación Penzol** e da **Fundación Fernández del Riego**, entre a praza da Princesa e praza da Constitución.
- ❖ Coa axuda de **Google Earth**, facede unha andaina virtual polos diferentes lugares que foron importantes para Francisco Fernández del Riego ao longo da súa vida.
- ❖ E para rematarmos esta unidade didáctica, deixámosvos un **QUIZ BOMBA** para comprobardes o aprendido arredor do noso homenaxeado no Día das Letras Galegas 2023: Francisco Fernández del Riego.



<https://view.genial.ly/641220a037e284001df2c09e/interactive-content-quiz-bomba>



Bibliografía

Cabrera, M. D. e Villanueva, M. D. (2013). *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Concello de Vigo-Editorial Galaxia-Fundación Penzol.

Cajaraville, Héctor (2022). *Francisco Fernández del Riego. O legado silandeiro*. Vigo: Xerais.

Fernández del Riego, F. (1973). *Un país e unha cultura. A obra de Galicia nos nosos escritores*. Vigo: Real Academia Galega. Accesible en liña: <http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/64>

Franco Grande, X. L. (2000). *Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Ir Indo.

Gómez Xurxo, S. (2013). «Francisco Fernández del Riego: bibliografía na Casa Galega da Cultura de Vigo. Centenario do seu nacemento», *Novas Penzol*, núm. 3, marzo (publicación electrónica).

Nicolás Rodríguez, R. (2022). *Francisco Fernández del Riego. Vida e obra dun obreiro do galeguismo*. Vigo, Xerais.

Villanueva Gesteira, M^a D. (2011). «Francisco Fernández del Riego», *Boletín da Real Academia Galega*, 372, 375-382. Accesible en liña: <http://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/BRAG/issue/view/issue/36/41>

Villanueva, Malores (2023). *Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia*. Vigo: Galaxia.

VV. AA. (1993). *Rolda de amigos derredor de Francisco Fernández del Riego*. Sada: Edicións do Castro.

VV. AA. (2002). *Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Fundación Premios da Crítica.

Webgrafía

"Álbum de Galicia: Francisco Fernández del Riego"
<http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=1374>

"Colección de Arte Francisco Fernández del Riego"
https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_riego.php?lang=cas#/

"Crestomatía sobre Fernández del Riego"
https://www.xerais.gal/catalogos/materiales_adicionales/XG00372401_9999962220.pdf

"Entrevista na CRTVG con Francisco Fernández del Riego"
<http://www.crtvg.es/cultural/especiais/francisco-fernandez-del-riego-1>

"Francisco Fernández del Riego". Real Academia Galega. Accesible en liña: <https://academia.gal/letras-galegas/2023/francisco-fernandez-del-riego/biografia>

"Fundación Penzol"
<https://hoxe.vigo.org/pdf/PENZOL/PENZOL.pdf>

"Kahoots"
<https://create.kahoot.it/details/ea9be874-4ced-4b16-978c-2ce35523b349>

<https://create.kahoot.it/details/ea9be874-4ced-4b16-978c-2ce35523b349>

"Real Academia Galega"
<https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es.ga.15030.arag/gl/micrositios/inicio.do>

"Skornabois"
<https://lafonoteca.net/grupo/skornabois/>

O BERCE DE DEL RIEGO

Benqueridas amigas e amigos!

Son Ramón Sanfiz, o protagonista do libro Galicia de Francisco Fernández del Riego; nesta obra, guiaba uns viaxeiros polo país. Imos descubrir as claves biográficas e creativas deste autor e construír xuntos un itinerario que nos servirá a nosos nos. Benqueridas amigas e amigos!

O meu amigo Fernández del Riego moxénito dunha extensa familia que se examina en Lugo do bacha Monforte de Lemos de 1927 a 1930, ingresa na Universidade.

Son estes os anos nos que se discorridos, ademais de participar, coma nos e divertimentos propios da mocidade súa época.



Cartel do Día das Letras Galegas 1963.
Autoría: Xohan Ledo



Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego-Concello de Vigo



